

## Á Mesa do Parlamento

**M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés, Noela Blanco Rodríguez e Vicente Docasar Docasar**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Un xornal dixital vén de publicar unha noticia segundo a que unha empresa privada, que obtén contratos públicos do Goberno galego, é a titular da páxina [www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com). A noticia recolle tamén que hai persoas titulares desta empresa, funcionarios públicos, que resolven asuntos e intereses que poderían entrar en colisión entre os intereses privados e os públicos, e que, tamén, algún titular da empresa en cuestión foi beneficiario dunha vivenda do IGVS.

Segundo este mesmo xornal os feitos denunciados deron lugar a que o Fiscal Xeral do Estado abra un expediente informativo por estes feitos.

Diante deste feitos, as deputadas e os deputados asinantes preguntan á Xunta de Galicia:

- 1.<sup>a</sup>) Coñece a Xunta de Galicia os feitos aos que se fai referencia nesta iniciativa?
- 2.<sup>a</sup>) Ten subscrito a Xunta de Galicia contratos ou calquera outro tipo de relación coa empresa Imaro Contingencias Infomáticas S.L., dende 2009?
- 3.<sup>a</sup>) Si é así, cantos, por qué importe e para que finalidade?
- 4.<sup>a</sup>) Algún dos propietarios de Imaro Contingencias Informáticas S.L., é titular dunha vivenda de promoción do IGVS?

**Grupo Parlamentario**

5.ª) En caso de que a noticia a que fai referencia esta iniciativa sexa falsa, que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2016

Asdo.: M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés  
Noela Blanco Rodríguez  
Vicente Docasar Docasar  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Soledad Soneira Tajés na data 16/02/2016 17:15:06**

**Noela Blanco Rodriguez na data 16/02/2016 17:15:18**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 16/02/2016 17:15:26**